

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
páxina web: www.boiro.org

Nº R.E.L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

ASUNTO	SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA SOLICITADA POLA CUARTA PARTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA.
--------	--

O 28/12/2017 (NRE 12.620) seis concelleiros/-as desta corporación presentaron no concello unha solicitude (da que se lle achega unha copia) de realización dunha sesión plenaria extraordinaria, fixando no citado escrito a orde do día dos asuntos a tratar.

A realización destas sesións extraordinarias a petición dunha parte da corporación está regulada no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Neste precepto dispónse que a sesión plenaria solicitada deberá realizarse dentro dos 15 días hábiles seguintes ó de presentación da solicitude, e que, de non ser así, a sesión quedará automaticamente convocada para as 12:00 horas do décimo día hábil posterior ó de remate do prazo inicial.

Toda vez que esta sesión plenaria non se realizou dentro do citado prazo de 15 días hábiles, e que o número dos solicitantes supera a cuarta parte dos membros da corporación, comunícolle que, en aplicación do disposto no artigo 46.2.a) LRBRL, a sesión plenaria extraordinaria solicitada o 28/12/2017 queda convocada para o **venres día 2 de febreiro de 2018 ás 12:00 horas** no salón de plenos desta casa consistorial, sendo a súa orde do día (segundo o detalle do escrito de solicitude) a seguinte:

1. Modificación da periodicidade dos plenos ordinarios.
2. Publicidade das sesións plenarias.
3. Intervención dos concelleiros do grupo de goberno nos asuntos que competan ás súas delegacións.
4. Acceso público ás sesións plenarias a través de internet.
5. Establecemento de mecanismos de participación cidadá para que a veciñanza poida participar de xeito directo no pleno presentando as súas achegas e mocións.
6. Creación da Xunta de Voceiros.
7. Posta a disposición de locais dentro da casa consistorial para os grupos políticos municipais.
8. Execución inmediata de tódolos acordos plenarios aprobados pola corporación municipal nesta lexislatura.

Boiro, na data que consta na marxe deste documento.

Severino Abalo Chouza
Secretario accidental do concello.

Documento asinado dixitalmente.

Rfa.- TAX

Severino Abalo Chouza (1 para 1)
Secretario Accidental
Data de Sinatura: 23/01/2018
HASH: 0c720f165871ca8e78ec670c074fc1



Cod. Validación: AM3SY2XSJDL2XHAW7AMJ7W5XG | Corrección: http://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1